

Guía para unha **comunicación libre** de **idadismo** de cara ás **persoas maiores**



A presente guía é unha das principais liñas de acción do Observatorio do Idadismo. Este documento foi subvencionado polo Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 a través da subvención de apoio ao terceiro sector de acción social con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto do IRPF.

Documento elaborado por:

Fundación HelpAge International España

Autoría: **Elena Molina Núñez**, responsable de Proxectos, HelpAge International España

Irene Ramos Soler, directora do grupo de investigación Envellecemento e Comunicación da Universitat d'Alacant e do Observatorio Maiores e Medios de Comunicación da Universitat Permanent de la Universitat d'Alacant (UPUA)

Ana Belén Fernández Souto, profesora titular de Comunicación Audiovisual e Publicidade e directora da Cátedra de Idadismo da Universidade de Vigo

Traducción: **Ana Belén Fernández Souto**, directora da Cátedra de Idadismo da Universidade de Vigo

Coordinación: **Elena Molina Núñez**, responsable de
Proxectos, HelpAge International España
Viridiana G. Chacón Salas, responsable de Comunicación
e Prensa, HelpAge International España

Data: xuño de 2024

Copyright: Fundación HelpAge International España
2024. O contido é responsabilidade única e exclusiva da
Fundación HelpAge International España e en ningún caso
reflicte a opinión ou os puntos de vista do Ministerio de
Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 e de Afundación,
Obra Social ABANCA. Calquera parte desta publicación
pode reproducirse sen permiso para fins educativos e
sen ánimo de lucro. Por favor, atribuíde explicitamente a
autoría a HelpAge International España e enviade unha
copia ou ligazón deste documento ao enderezo electrónico
observatorio@helpage-espana.org.

Axencia creativa:
Be One

Imprenta:
Gráficas AGA

Subvencionado por:



Coa colaboración de:

//Afundación
Obra Social ABANCA

ÍNDICE

6 Prólogo

8 Revolución demográfica
como reto informativo

11 Mitos e estereotipos
sobre idadismo

15 Mulleres maiores e medios
de comunicación

17 A linguaxe importa

22 As imaxes e as persoas
maiores

26 A voz das persoas
maiores

28 HelpAge International
España

30 Afundación, Obra Social
ABANCA

32 Glosario

35 Entidades
especializadas

PRÓLOGO

1.

É difícil esquecer o arranque dunha das mellores obras literarias en español, *Cen anos de soidade*: «Moitos anos despois, fronte ao pelotón de fusilamento, o coronel Aureliano Buendía había de lembrar aquela tarde remota en que o seu pai o levou a coñecer o xeo. [...] O mundo era tan recente, que moitas cousas carecían de nome, e para mencionalas había que sinalalas co dedo». O idadismo é probablemente tan antigo coma Macondo, ese fantástico territorio ideado por García Márquez que, na súa fundación, «era en verdade unha aldea feliz, onde ninguén era maior de trinta anos e onde ninguén morrera». Pero o certo é que tardamos demasiado tempo en poñerlle nome.

E, aínda hoxe, moitísimas persoas non son conscientes da existencia do idadismo, das inxustizas que provoca e da dor que xera. O primeiro paso para resolver un problema é saber que existe, tomar conciencia. Por iso é tan importante que falemos de idadismo e de como loitar contra el. «A concienciación social non só pon encima da mesa os perigos do idadismo, senón que, ademais, crea unha base sólida para combatelo, tal e como se fixo con outros *-ismos*, por exemplo, o sexismo ou o racismo», explícase acertadamente nesta *Guía para unha comunicación libre de idadismo de cara ás persoas maiores*. Unha iniciativa de HelpAge International España que, estou seguro, se converterá nun instrumento moi útil para xornalistas e comunicadores/as.

A pandemia sacou á luz da forma máis cruel imaxinable ese idadismo que está na base do ocorrido nas residencias, primeiro cunha violación masiva de dereitos fundamentais de decenas de miles de persoas maiores e despois cos constantes obstáculos para que se coñeza a verdade e se faga xustiza. Pero non son só as residencias. Mírese onde se mire, aparecen manifestacións da discriminación das persoas maiores pola idade: no terreo laboral, na súa relación coas administracións públicas ou as entidades financeiras, na fenda dixital... Para cambiar as cousas, os medios son un aliado imprescindible. A autoría desta guía está convencida, con razón, de que «é fundamental mellorar a linguaxe audiovisual e o relato do envellecemento que transmiten» os medios, «xa que o seu alcance e impacto son innegables».

A escritora Belén Gopegui, nun libro marabilloso titulado *Ela pisou a lúa*. *Elas pisaron a lúa*, lémbraos a importancia da linguaxe: «Sabemos que hai quen pensa que as palabras non son importantes, pero nós sostemos que si o son». O mundo xa non é tan recente coma cando se fundou Macondo, hai xa poucas cousas que carezan de nome, sabemos xa definir o idadismo sen necesidade de sinalalo co dedo. As palabras importan. E débennos axudar a derrota o idadismo para construír así unha sociedade máis digna e máis xusta.

Manuel Rico

Xornalista

Revolución demográfica como reto informativo

2.

Cos avances sociais e o progreso económico das últimas décadas, as persoas vivimos máis e mellor. En España, a pirámide de poboación segue a súa evolución cun aumento da proporción de persoas maiores.

En
2022

o número de **persoas de 65 anos e máis** supón o

19,09%

de toda a poboación española.

Hai tan só 60 anos esa porcentaxe era do 8,2%.

En
2050

prevese que esta porcentaxe sexa do

30%

uns 16 millóns de persoas (Fonte: INE).

Destaca tamén o amplo número de supercentenarios (110 anos ou máis), que aumentaron considerablemente no continente europeo desde 1970.

Estes cambios demográficos están a transformar a nosa sociedade e a forma de entender o envellecemento, pero...

Que pensamos actualmente?

MITO: as persoas maiores son dependentes e incapaces de tomar decisións por si mesmas e constitúen unha carga para as súas familias e para a economía.

REALIDADE: o estado de saúde, o tipo e nivel de actividade, a produtividade e outras características socioeconómicas das persoas maiores están a cambiar significativamente en moitas partes do mundo nos últimos anos.

Así se evidencia o principal problema dos **estereotipos**: non todas as persoas maiores son dependentes, nin lles gusta xogar ás cartas ou ao dominó, senón que, como ocorre no resto das idades, todas teñen necesidades e gustos diferentes.

Por tanto, para non caer en estereotipos e prexuízos, debemos ser conscientes da súa existencia e das consecuencias negativas que teñen na sociedade.



Un bo uso da linguaxe desde o ámbito da comunicación é clave para chegar a todos os estamentos sociais, polo que o papel dos medios de comunicación é fundamental. A concienciación social non só pon encima da mesa os perigos do idadismo, senón que, ademais, crea unha base sólida para combatelo, tal e como se fixo con outros *-ismos*, por exemplo, o sexismo ou o racismo.

Os e as xornalistas deben ser conscientes do seu papel como líderes e xeradores de opinión na sociedade, e comprender que as consecuencias da discriminación por idade afectan a todo o mundo en todos os ámbitos da nosa vida.

Mitos e estereotipos sobre edadismo

3.

A construción social do envellecemento, a nosa aprendizaxe social, cultural, crenzas e experiencias persoais determinan a forma na que miramos, pensamos e tratamos a idade, o proceso do envellecemento e a vellez.

O idadismo pódese dar en tres niveis distintos: o macro ou institucional, o meso ou interpersoal e o micro ou autoinflixido.

Institucional

Refírese a prácticas sociais, económicas ou sanitarias que incorporan condutas discriminatorias cara ás persoas maiores. Os efectos das citadas prácticas son moi negativos e maniféstanse a través de menores oportunidades ou dificultade para acceder a determinados recursos como os económicos, a vivenda ou a atención sanitaria. É o caso, por exemplo, das dificultades que teñen as persoas maiores á hora de conseguir unha hipoteca ou un préstamo persoal ou para facer un seguro de saúde ou de vida.


Interpersoal

Obsérvase en grupos, nas interaccións persoais, e maniféstase de múltiples formas e con efectos moi negativos na vida das persoas maiores, como rexeitamento, marxinación, invisibilidade e menosprezo.

Autoinflixido

Prodúcese cando se interiorizan mensaxes e estereotipos negativos, de forma explícita, a través da linguaxe, ou de forma implícita, a través das imaxes que podemos ver nos medios de comunicación. O idadismo interiorizado afecta ao pensamento, emocións e comportamento, e pode ser limitante ao facer que os individuos se perciban a si mesmos, de maneira errónea, menos capaces.

A **discriminación por idade** a miúdo se trivializa, pasa desapercibida ou se *accepta* de maneira sutil a través do que xa se coñece como **microidadismos**. Falamos de comportamentos, expresións ou actitudes habituais xeneralizadas e de uso extensivo. Xestos ou comportamentos automatizados como, por exemplo, falarlles de forma distinta ás persoas maiores, nun ton máis alto, con diminutivos, máis amodo, ou utilizando frases feitas ou expresións do tipo:



Baixo o paraugas do concepto microidadismos atopamos unha ampla gama de **comportamentos cotiáns, comentarios e accións** que, aínda que sutís, perpetúan o prexuízo contra as persoas maiores.

O idadismo é particularmente **visible a través dos medios de comunicación** e todo o que proxectan. Os discursos mediáticos impactan na vida de moitas persoas e son o medio máis poderoso de creación e propagación de ideas e mensaxes que socializan e educan de maneira informal.

O envellecemento é un proceso complexo e substancialmente subxectivo, onde a visión do maior sobre si mesmo xoga un papel esencial. Neste sentido, é importante ter en conta que os estereotipos xorden da nosa experiencia persoal, pero tamén do que consumimos a través dos medios. Se o idadismo é un feito recorrente nos medios de comunicación, tal e como se puido demostrar ao longo de anos de estudos, é fundamental mellorar a linguaxe audiovisual e o relato do envellecemento que transmiten, xa que o seu alcance e impacto son innegables.

Vivir nunha sociedade lonxeva non é o mesmo ca vivir nunha sociedade envellecida.

Aínda que a realidade que subxace sexa a mesma, o significado ou a resonancia social das palabras que usamos pode cambiar a nosa percepción da realidade e darlle forma. A linguaxe representa en palabras, en metáforas ou en imaxes o pensamento que se foi construindo sobre o envellecemento. Por tanto, as palabras importan, a linguaxe nunca é neutra, os termos envellecer, vellez, vello ou velleces están socialmente impregnados de connotacións negativas e fannos reproducir de forma inconsciente estereotipos negativos, que contribúen desta maneira á súa continuidade no tempo.

Todos e todas somos idadistas –en maior ou en menor medida–.

Todas e todos somos susceptibles de sufrir nalgún momento da nosa vida a discriminación por idade. Nese sentido, debemos ser conscientes de que o idadismo nos afecta a todos e todas de forma directa. Certo é que, moitas veces, o facemos de forma inconsciente, sen mala intención ou, mesmo, ao contrario, coa mellor das intencións.

Pero os comentarios idadistas poden ter consecuencias irreparables, polo que é necesario aprender a utilizar linguaxes e comportamentos adecuados.

Nese sentido, os medios de comunicación contan cunha grande aceptación social e cunha gran capacidade formativa. Do mesmo xeito que ocorreu co racismo primeiro e co sexismo despois, é necesario que a sociedade, en xeral, sexa consciente do problema que implica o idadismo e, a partir de aí, exista un pacto social que implique todo tipo de institucións na loita. No epicentro deberían estar os medios de comunicación, achegando o uso dunha linguaxe apropiada para que, aos poucos, se poida interiorizar a nivel individual na nosa sociedade.

Mulleres maiores e medios de comunicación

4.

As mulleres teñen unha esperanza de vida maior ca os homes, pero teñen unha calidade de vida peor e enfróntanse a máis risco de pobreza, violencia, discriminación e soidade cando son maiores.

É dicir, as mulleres viven máis, pero en peores condicións. A pesar de que as mulleres maiores representan unha importante proporción da poboación, as barreiras específicas ás que se enfrontan –por seren mulleres e por seren maiores– seguen estando invisibilizadas: discriminación en múltiples áreas, como o emprego, a atención médica, servizos financeiros, programas de desenvolvemento e disposición da propiedade. Estas prácticas son particularmente fortes contra mulleres viúvas ou solteiras, maiores en situación de discapacidade, campesiñas e migrantes.



Existen poucas investigacións que afronten a relación entre discriminación de xénero e discriminación por idade. Ademais, as mulleres maiores son as grandes esquecidas en campañas de sensibilización contra a violencia machista e nas iniciativas dirixidas a fomentar a igualdade, tanto no ámbito nacional coma internacional.

Se nos fixamos nos medios de comunicación, poucas veces atopamos mulleres maiores como protagonistas de historias e,

cando o son, diríxense a un público minoritario. En xeral, cando as mulleres maiores aparecen neles, caracterízanse por seren papeis secundarios nos que a súa sexualidade foi anulada, o seu valor social depende da súa capacidade como coidadora ou avoa e ignóranse as súas necesidades, inquietudes e os seus proxectos vitais. Estes estereotipos inflúen na nosa actitude cara ás mulleres maiores e no que pensamos delas: desde tratalas como torpes ou parvas e exercer certo paternalismo sobre elas, ata infravalorar os seus desexos, as súas inquietudes ou as súas opinións. Estas actitudes están ligadas á idade e ao envellecemento, pero tamén ao feito de seren mulleres.

Doutra banda, esta invisibilidade fai que existan grandes carencias na atención dirixida a mulleres maiores que viven situacións de violencia de xénero e que, á súa vez, as mulleres maiores teñen menos concienciación sobre as desigualdades e sexan as que recorran en menor medida aos servizos de axuda ante a violencia de xénero.

**A linguaxe
importa**

5.

A forma en que nos diriximos ás persoas maiores é importante porque pode afectar ao seu comportamento.

Aconséllase utilizar a linguaxe de maneira consciente e responsable para evitar perpetuar os estereotipos e os falsos mitos que rodean o grupo etario das persoas maiores. Debemos evitar termos e expresións que xeneralicen en exceso para homoxeneizar homes e mulleres baixo unha única versión e visión.

Os termos máis aceptados para dirixirse a este colectivo, por consideralos máis obxectivos e sen carga ou valoración de ningún tipo, son persoas maiores ou simplemente maiores. Pola contra, debemos evitar usar outros que si están dotados de connotacións negativas, que simplifican, despersonalizan, reducen e homoxeneizan as diferentes formas de ser e vivir das persoas maiores, da vellez e o envellecemento. Por exemplo:

~~Vello/a~~

~~Ancián/á~~

~~Xubilado/a~~

~~Pensionista~~

~~Terceira idade~~

~~Avó/a~~

Estes termos non se deben usar para describir o grupo etario en xeral, só para cando se requira en función do contexto e para casos específicos. **Débesse recoñecer a diversidade das persoas maiores,** e isto non se pode facer a través do uso xeneralizado e inapropiado dos anteriores termos. Envellecer, o logro da lonxevidade, non se pode asociar ao estereotipo estigmatizado que se relaciona co vello, co estragado, co que non ten xa utilidade polo seu uso, que son as acepcións que ata hai moi pouco estaban presentes no dicionario da RAE cando se buscaba a palabra «vello». Esta crenza está fortemente arraigada no noso imaxinario social e debemos de cambiar esta visión mudando as nosas palabras. Avó/a homoxeneiza excesivamente, é inapropiado que se defina un grupo etario a través dun rol familiar que pode ou non darse. O mesmo sucede coa excesiva asociación da idade co ciclo de vida e a vinculación co traballo, a través dos termos «terceira idade» ou «xubilados/as» e «pensionistas».

As necesidades laborais e sociais cambian, do mesmo xeito ca a idade de xubilación.

A utilización dunha linguaxe paternalista e infantilizada cara ás persoas maiores pode animalos a conformarse con estereotipos negativos da vellez; por exemplo, pouca competencia e dependencia.

Débese evitar:

Cambiar o ton e o ritmo de voz cando nos diriximos ás persoas maiores.

Usar diminutivos como «Juanillo», «Anita» ou «Manolito».

Expresións con pronomes posesivos como «os nosos maiores» ou «os vosos».

Expresións afectuosas do tipo «bonita miña», «cariño» ou «solciño meu».

Expresións que exclúen as persoas maiores da acción principal, privándoas do seu papel como suxeitos activos, para consideralas como obxectos pasivos, perpetúan a súa percepción errónea como individuos dependentes ou carentes de iniciativa. Exemplos: «deixámoslle que conduza» ou «non sabe o que quere».



Falar ás persoas maiores, nun ton de voz máis alto e con palabras simples ou sinxelas é unha falta de respecto e de coñecemento sobre a diversidade do proceso de envellecemento e as súas necesidades. Non son da nosa propiedade nin da de ninguén. Usar de forma xeneralizada as expresións anteriores, ademais de infantilizalas, suxiren falta de respecto e sobreprotección.

Debemos chamar as persoas polo seu nome e manter o mesmo ton e ritmo de voz que se usa co resto dos grupos etarios. Non debemos usar diminutivos nin expresións de afecto ou proximidade de forma xeneralizada cando non temos unha relación directa e persoal con eles.

A linguaxe que utilizamos inflúe en condutas e en crenzas sociais, polo que un uso incorrecto ao describir unha realidade ou un grupo social pode converterse nunha forma de discriminación. Por iso, é **fundamental utilizar os termos adecuados, reais e non estereotipados** á hora de referirnos ás persoas maiores.

SI

«Avós e netos, unidos pola "igualdade dixital"».

Onda Cero, 3/06/2023.

NON

«Avó de 70 anos pide traballo para poder cobrar a pensión e o seu anuncio viralízase».

20 minutos, 15/10/2020.

O termo «avó» ou «avoa» non é aconsellable, xa que non todas as persoas maiores son avós/as nin todos os avós/as son maiores. Aínda que este termo pode denotar simpatía ou proximidade, suxire un trato discriminatorio cara ás persoas maiores.

SÍ

«Muller maior morre tras ser atacada por un can pitbull abandonado que adoptou en España».

O Imparcial, 28/02/2023.

NON

«Un ancián de 60 anos é rescatado tras aparecer flotando boca abaixo no río Ulloa en Pontecesures (Pontevedra)».

Europa Press, 30/09/2018.

A palabra ancián/á está cargada de prexuízos e ten connotacións negativas. Ademais, non corresponde á realidade da maioría das persoas maiores.

SÍ

«Literatura para conectar maiores e novas».

La Nueva Crónica, 6/5/2023.

NON

«Millennials, vellos e nenos: recomendacións para os novos lectores no Día do Libro».

Cadena Ser, 22/04/2023.

Desaconséllase este termo, xa que en gran parte se utiliza para insultar.

SÍ

«Vestirse cun -traxe da vellez- para entender mellor as persoas maiores»

El País, 10/01/2023.

NON

«Pensando nos nosos maiores».

Diario de Navarra, 24/03/2023.

A expresión «os nosos maiores» expresa uniformidade en canto ao xénero e ao grupo. Ademais, utilizar o posesivo para referirnos a elas quitalles autonomía. Aínda que se pretenda mostrar agarimo, homenaxe ou respecto cara á xeración á que nos referimos, esta expresión queda subsumida por un abrazo paternalista e pola mensaxe de estar ante un grupo desprotexido e fráxil e, en consecuencia, necesitado de protección permanente.

As imaxes e as persoas maiores

6.

Non só as palabras importan. A imaxe, a visión que se mostre da idade, a vellez e o envellecemento constrúen realidades e dótanas dun significado social potente e profundo.

Para conseguir unha imaxe das persoas maiores actual, real e non estereotipada, é fundamental mostrar e visibilizar como se poden gozar e vivir as diferentes etapas dos diversos procesos de envellecemento. Debemos estudar de maneira consciente e reflexiva as imaxes para seleccionar, ilustrar e completar os relatos e as estratexias discursivas dos contidos difundidos nos medios.

Recoméndase, por unha banda



Non ocultar rostros, non mostrar só partes de corpos envellecidos.




Non abusar de fotografías de bancos de imaxes excesivamente xeneralistas, homoxéneas e estereotipadas.



Evitar mostrar imaxes de envellecementos patolóxicos que asocien a idade á dependencia, fragilidade, soidade, infelicidade ou depresión. Esa estratexia discursiva ou relato está excesivamente arraigado na nosa sociedade.

Pola outra, mostrar:



Imaxes diversas e reais.



Persoas maiores en contextos interxeracionais.



Imaxes que mostren relatos e contextos positivos, asociados a proxectos e a situacións derivadas dunha vida activa tanto física e mental, coma social e relacional.



Imaxes positivas e coidadas de corpos reais, coa presenza natural de engurras, pelo branco, talles diversos e que potencien a idea dunha diversidade física sa nos procesos habituais do envellecemento.



Imaxes que desde a interseccionalidade rompan dobres e triplas discriminacións derivadas do xénero, a orientación sexual e a raza.



Imaxes de persoas maiores diversas explorando, aprendendo e gozando de novas situacións, coñecementos e contornas.

**A voz das
pessoas
maiores**

7.



Debido á discriminación por razón de idade e ás desigualdades sociais, a miúdo non se escoita a voz das persoas maiores e non se teñen en conta os seus dereitos, desexos e necesidades.

Ter unha voz significa que poden reclamar os seus dereitos e participar de maneira significativa na toma de decisións en todos os ámbitos das súas vidas: persoal, familiar, social e político.

Detrás da palabra voz atópase un sentido moito máis amplo que abarca a participación, o apoderamento, a capacidade de acción, a autonomía e a responsabilidade. A «voz» é unha parte esencial de quen somos, as opinións que temos, as decisións que tomamos e as accións que levamos a cabo. En relación con isto, ter capacidade de elección e de acción é esencial para a nosa dignidade, benestar e sentido de valor propio, e para que haxa un enfoque da vellez baseado en dereitos.

A discriminación por idade e a desigualdade a miúdo causan que ás persoas maiores se lles negue ter unha voz.

Apoiar as persoas maiores para que teñan unha voz lógrase fundamentalmente cambiando as relacións de poder; é dicir, apoderando as persoas maiores nos seus fogares, comunidades, traballos e no desenvolvemento de políticas e procesos de toma de decisións. Por iso, incluír as voces das persoas maiores nos medios de comunicación, contando co seu testemuño en primeira persoa, entrevistándoas e obtendo a información de maneira directa, fará que traballemos dunha forma máis responsable, respectuosa e inclusiva.

HelpAge International España

8.

HelpAge International España axuda as persoas maiores a reclamar os seus dereitos, enfrontarse á discriminación e superar a pobreza para que poidan gozar dunha vida digna, segura, activa e saudable.

Somos parte da rede global de HelpAge International, formada por

177 organizacións de 93 países.

Desde HelpAge International España levamos a cabo múltiples iniciativas de incidencia política, formación e sensibilización para construír unha sociedade amigable e sensible a todos os niveis coa realidade das persoas maiores e os seus dereitos. Ademais, traballamos en rede no ámbito nacional e internacional para conseguir a creación dunha convención internacional da ONU sobre os dereitos das persoas maiores.



As nosas liñas de acción céntranse na:

Convención internacional, ODS e Axenda 2030, dereitos humanos, igualdade de xénero, cooperación e emerxencias, sensibilización e incidencia e cambio climático.

Esta guía é unha das principais liñas de acción do Observatorio sobre o Idadismo, un proxecto desenvolvido pola Fundación HelpAge International España que pretende ser unha ferramenta dirixida a reducir o problema do idadismo,

a través da loita contra os prexuizos

por medio da recompilación de datos, a investigación, a avaliación de leis e políticas públicas e as actividades educativas para mellorar a empatía e combater ideas erróneas coas persoas maiores e os seus dereitos.

Afundación, Obra Social ABANCA

9.

Afundación, Obra Social ABANCA, é a entidade de referencia en Galicia no ámbito do envellecemento activo e saudable, que desenvolve programas innovadores a través de 11 espazos +60 nos que participan máis de 12 000 socias e socios.

As nosas liñas de intervención sitúan no centro as persoas maiores, codeseñando con elas propostas dirixidas a mellorar a súa calidade de vida e benestar, a poñer en valor a súa experiencia vital e a apoiar a súa participación social a través de programas de voluntariado.



Para combater o idadismo, favorecemos a difusión dunha imaxe social das persoas maiores afastada de estereotipos, dando voz e visibilidade ás persoas asociadas aos nosos programas de envellecemento activo, para amosar a súa heteroxeneidade e a variedade de oportunidades que ofrece esta etapa vital. Nesta liña, propiciamos espazos de encontro e de diálogo interxeracional co fin de que persoas maiores e novas aprendan unhas das outras, dialoguen e se respecten mutuamente.



Precisamente no marco deste compromiso coa superación de calquera tipo de discriminación, inscríbese a nosa colaboración na presente guía dinamizada por HelpAge, chamada a converterse en referencia para unha comunicación libre de nesgos e clichés que nos permita, en consecuencia, recoñecernos nunha expresión inclusiva, aberta e respectuosa coas persoas maiores.

Glosario

10.

CUARTA IDADE:

Persoa de 80 anos ou máis.

Fonte: Organización Mundial da Saúde.

DISCRIMINACIÓN:

Accións, prácticas ou políticas aplicadas ás persoas debido á súa pertenza percibida ou real a un determinado grupo socialmente destacado e que comportan para elas algunha forma de desvantaxe (discriminación negativa) ou de vantaxe (discriminación positiva).

Fonte: Informe mundial de idadeismo da Organización Mundial da Saúde.

IDADISMO:

O idadeismo engloba os estereotipos, os prexuízos e a discriminación contra as persoas debido á súa idade. Nun debate organizado por HelpAge, no que participaron persoas maiores, elas mesmas definírono como «accións directas ou indirectas polas cales alguén é excluído, considerado diferente, ignorado ou tratado como se non existise pola súa idade».

Fonte: Organización Mundial da Saúde.

ENVELLECIMIENTO:

Proceso gradual desenvolvido durante o curso de vida e que implica cambios biolóxicos, fisiolóxicos, psicosociais e funcionais de variadas consecuencias, as cales se asocian con interaccións dinámicas e permanentes entre o suxeito e o seu medio.

Fonte: Convención Interamericana sobre a Protección dos Dereitos Humanos das Persoas Maiores.

ENVELLECIMIENTO ACTIVO

O proceso en que se optimizan as oportunidades de saúde, participación e seguridade a fin de mellorar a calidade de vida das persoas a medida que envellecen.

Fonte: Organización Mundial da Saúde.

ENVELLECIMIENTO SAUDABLE:

O proceso de desenvolver e de manter a capacidade funcional que permite o benestar na vellez.

Fonte: Informe mundial sobre envellecemento da Organización Mundial da Saúde, 2015.

ESTEREOTIPO:

Estruturas cognitivas que almacenan as nosas crenzas e expectativas sobre as características dos membros dos grupos sociais. A atribución de estereotipos é o proceso de aplicación da información estereotipada.

Fonte: Informe mundial de idadeismo da Organización Mundial da Saúde.

PERSOA MAIOR:

Persoa de 60 anos ou máis, agás que a lei interna determine unha idade base menor ou maior, sempre que esta non sexa superior aos 65 anos.

Fonte: Convención Interamericana sobre a Protección dos Dereitos Humanos das Persoas Maiores.

PREXUÍZOS:

Unha reacción emocional ou un sentimento, de carácter positivo ou negativo, cara a unha persoa en función da percepción da súa pertenza a un grupo.

Fonte: Informe mundial de idadeismo da Organización Mundial da Saúde.

SUPERCENTENARIOS:

Persoa que ten polo menos 110 anos.

Fonte: Real Academia Española.

TERCEIRA IDADE:

Debemos evitar usar este concepto cando se quere referir á totalidade de persoas maiores. Cando se usa, débese verificar que se está informando sobre unha persoa que ten entre 60 e 79 anos. O mesmo sucede co termo cuarta idade, hase de confirmar que a persoa ten 80 anos ou máis.

Fonte: Organización Mundial da Saúde.

VELLEZ:

Último período da vida dunha persoa, que segue á madurez, e no cal se ten idade avanzada.

Fonte: Convención Interamericana sobre a Protección dos Dereitos Humanos das Persoas Maiores.

Entidades especializadas

11.

Fundación HelpAge International España: incidencia política, formación, cooperación e emerxencias e sensibilización.

Contacto: Viridiana Chacón, responsable de Comunicación e Prensa.

Enderezo electrónico: viridiana.chacon@helpage-espana.org

Enderezo postal: edificio Impact Hub Prosperidad, rúa de Javier Ferrero, 10. 28002, Madrid.

Teléfonos: 915 766 366 / 654 617 334

Web: www.helpage.es

Afundación: persoas maiores, envellecemento activo

Contacto: Gloria Rodríguez, coordinadora de Comunicación.

Correo electrónico: comunicacion@afundacion.org

Enderezo: Cantón Grande, 8. 15003 A Coruña

Teléfono: 986 864 612/ 981 953 097/ 648 655 520

Web: www.afundacion.org



Cátedra de idadeismo: comunicación, idadeismo

Contacto: Ana Belén Fernández Souto, responsable de Comunicación

Correo electrónico: abfsouto@uvigo.gal

Enderezo: Facultade de Comunicación, campus de Pontevedra, s/n, 36005, Pontevedra

Teléfono: 986 801 967

Web: www.edadismo.org

Sociedade Galega de Xeriatría e Xerontoloxía: xeriatría e xerontoloxía.

Contacto: Cristina Villanueva, responsable de Comunicación.

Correo electrónico: comunicacion@sgxx.org

Enderezo: Colexio Oficial de Médicos de Santiago de Compostela San Pedro de Mezonzo 39-41 15701 Santiago de Compostela

Teléfono: 630 253 210

Web: www.sgxx.org

Colaboración de:

//Afundación
Obra Social ABANCA

Un producto de:

 **Observatorio
del Edadismo**

Subvencionado por:

